

A ECONOMÍA SOCIAL COMO MODELO DE
DESENVOLVEMENTO PARA GALICIA

DOCUMENTO 33 / 2021

AUTORES:

ALBERTO VAQUERO GARCÍA
MARÍA BASTIDA DOMÍNGUEZ

A ECONOMÍA SOCIAL COMO MODELO DE DESENVOLVEMENTO PARA GALICIA

AUTORES:

ALBERTO VAQUERO GARCÍA
MARÍA BASTIDA DOMÍNGUEZ

ÍNDICE

1. **Introdución**
2. **Conceptualización da Economía Social**
3. **O desenvolvemento da Economía Social en Galicia**
4. **O necesario tándem público-privado para o desenvolvemento da Economía Social en Galicia**
5. **Análise cualitativo e cuantitativo do cooperativismo en Galicia**
6. **A Economía Social e a recuperación económica trala pandemia da COVID-19**
7. **Análise de casos de Economía Social en Galicia**
8. **Recomendacións**
9. **Bibliografía**

RESUMO EXECUTIVO

A Economía Social (ES) é unha das actividades menos coñecidas do tecido económico e empresarial, a pesares da súa importancia en relación co PIB e o emprego tanto a nivel nacional como para Galicia, en particular. No que respecta a nosa Comunidade Autónoma, dita contribución sitúase en torno ao 7% do PIB, sendo a maior participación a das sociedades cooperativas, que cunha facturación próxima aos 2.500 millóns de euros contribúe aproximadamente co 4,5% do noso PIB.

Porén, esta contribución ven sendo tradicionalmente subestimada, sendo cada vez máis frecuentes os chamamentos dende diversas institucións, como a Organización Internacional do Traballo (OIT), á necesidade de elevar o coñecemento e recoñecemento destas organizacións perante a súa importancia socioeconómica. Esta necesidade é, se cabe, máis relevante para Galicia, con casos coma o de Cooperativas Ourenzás S. G. C. (COREN). En efecto, COREN é a principal cooperativa agroalimentaria de España, que da emprego a máis de 7.000 familias cunha facturación case de 1.080 millóns de euros en 2018. Asemade, a súa localización territorial ilustra a estreita relación que existe entre a ES e o desenvolvemento do medio rural, algo que permite dinamizar o uso de recursos endóxenos tradicionalmente infrautilizados na nosa Comunidade Autónoma.

Ademais, é preciso ter en conta o amplo potencial da ES para transfor-

marse nunha importante ferramenta para mitigar os efectos económicos e sociais da pandemia da COVID-19. As entidades da ES levan no seu ADN a defensa das persoas como epicentro do seu funcionamento e a proximidade co medio en que desenvolven a súa actividade. O anterior suxire que a ES está chamada a xogar un papel relevante no proceso de recuperación económica trala pandemia.

Precisamente esta potencial contribución determina que cómpre establecer actuacións claras e ben definidas no eido de ES, xa que, ao igual que o resto de actividades económicas, a crise da COVID-19 prexudicou o seu rendemento. Con este obxectivo, dende o Foro Económico de Galicia queremos sinalar o seguinte abano de recomendacións.

En primeiro lugar, a ES debe figurar con nome propio nos proxectos de axuda e mellora deseñados para contribuir á recuperación da actividade económica das empresas no contexto actual de crise. A ampla variedade de entidades pertencentes á ES, así como as súas peculiares características, aconsellan estudar polo miúdo as posibilidades de acceso das ditas entidades ás liñas de axuda establecidas, o seu alcance e axuste ás necesidades particulares que poidan ter. Neste senso, é de particular importancia resaltar a aposta das empresas da ES polo mantemento do emprego, o que engade relevancia a esta necesidade de reforzo de liñas de axuda.

Toda vez garantida a superviven-

cia das entidades na actual situación de crise, compre, en segundo lugar, deseñar unha serie de medidas dirixidas a reforzar e mellorar o tamaño e estrutura destas sociedades, aumentando as súas posibilidades de competir nun mercado cada vez máis globalizado. Así, precísanse reforzar as accións dirixidas a facilitar a incorporación de persoas socias traballadoras, para contrarrestar a tendencia á atomización da propiedade no marco das microcooperativas. Galicia ten unha desvantaxe evidente polo reducido tamaño do seu tecido produtivo, e a ES non escapa desta limitación. En consecuencia, deben completarse e mellorarse as iniciativas que teñen por obxecto aumentar a base social das entidades cooperativas, ao igual que no resto de entidades da ES. Igualmente, é preciso realizar unha clara aposta pública por liñas de axuda que primen os procesos de concentración de sociedades. Neste senso, é imprescindible mellorar a taxa de creación de cooperativas de segundo grao, unha cuestión fundamental para aumentar a competitividade destas organizacións e facilitar un maior desenvolvemento da ES.

En terceiro lugar, unha vez superados os problemas asociados ao tamaño societario e á atomización da propiedade, faise necesario atender á necesidade de contar con entidades de ES competitivas a nivel internacional, polo que compre establecer liñas específicas de apoio á internacionalización destas entidades. Estas iniciativas son

particularmente importantes, por canto poden ter un efecto sinérxico sobre as actuacións anteriores. Así, a mellora das opcións de competencia en contextos internacionais poden actuar como exemplo de éxito empresarial e polo de atracción de socios potencialmente interesados na participación empresarial.

En cuarto lugar, é preciso, dende a perspectiva pública e privada, contar cunha batería de boas prácticas ilustrativa das accións de ES, e nomeadamente das entidades máis representativas, como modelo de exemplo de viabilidade e sustentabilidade. Paralelamente, e para mellorar a posta en valor do papel da ES como vía de emprendemento, especialmente para os mozos e mozas, deberíase apostar por incorporar, dalgunha forma, a ES dentro do Sistema Universitario de Galicia. Máis concretamente, procede valorar a posibilidade de que Galicia conte con algún posgraduado nesta temática, seguindo o exemplo doutras comunidades autónomas onde a ES ten unha presenza especialmente relevante como é o caso da Universidade do País Vasco (Mestrado en Economía Social e Solidaria), a Universidade de Valencia (Mestrado Universitario en Economía Social) ou a Universidade Autónoma de Barcelona (Posgraduado en Economía Social e Solidaria).

En quinto lugar, deben cuantificarse axeitadamente e valorizarse de forma correcta as múltiples actividades que se relacionan coa ES en Galicia. Esta acción é particularmente importante,

pois unicamente a partir dun correcto dimensionamento se poden deseñar accións acaídas e eficaces dirixidas á mellora da contribución destas entidades ao emprego e a riqueza. Porén, é necesario destacar que esta cuantificación precisa do deseño e estimación de indicadores complementarios aos habitualmente utilizados na medición da efectividade das empresas que non forman parte da ES, posto que estamos ante entidades con obxectivos e prioridades diferentes que, en consecuencia, atenden a criterios de medición e control tamén diferentes. A nosa proposta pasa por considerar indicadores valorativos e cualitativos, que sexan quen de estimar a actuación e impacto social en termos de calidade, proximidade, respecto ao medio ambiente e desenvolvemento local.

Finalmente, cremos necesaria unha maior cooperación entre a Administración Autónoma e as entidades re-

presentativas do sector, en particular no relacionado cos procesos de deseño das liñas de fomento e apoio, para poder incluír mellor as particularidades das entidades do sector, as súas necesidades, e con elo unha mellor adecuación das axudas ao sector. Somos da opinión da necesaria colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades da ES no deseño das políticas públicas para esta importante parte do noso tecido económico produtivo.

En definitiva, dende o Foro Económico de Galicia entendemos a necesidade de recoñecer a ES como axente básico estrutural da nosa actividade económica, con características intrínsecas particulares que precisan dun tratamento singularizado. Por tanto, chamamos a atender as ditas singularidades a través de actuacións público-privado que cimente un novo modelo de cogobernanza e corresponsabilidade real na toma de decisións e actuacións de política económica.

INTRODUCCIÓN

A actividade desenvolvida pola Economía Social (ES) adoece, polo xeral, dun notable descoñecemento, algo cando menos sorprendente tendo en conta a relevancia da súa achega ao Produto Interior Bruto (PIB) e ao emprego, tanto a nivel nacional como galego. A dita falta de visibilización pode derivar nunha serie de limitacións para o seu desenvolvemento, como a ausencia de medidas de avaliación e seguimento orientadas á mellora das políticas de fomento ou a súa difusión como ferramenta de emprendemento, sobre todo entre as xeracións máis novas.

A ES engloba un amplo volume de actividades económicas e empresariais prestadas por un conxunto de entidades que procura o interese colectivo das persoas que as conforman, ademais de fomentar o benestar xeral desde unha perspectiva económica e social. Esta priorización do obxectivo social sobre outros de índole máis económica, como a tradicional maximización de beneficios, supón a característica definitoria das organizacións que operan neste eido da economía, que se traduce nunha serie de principios de funcionamento como a solidariedade, a non discriminación, e a democracia nos procesos de xestión e control. En resumo, son un conxunto de entidades que sitúan ás persoas e o seu obxecto social como eixo vertebrador da súa actividade, constituíndo unha alternativa á empresa tradicional. Precisamente, esta vertente social debería potenciarse, xa que toda a ES prestan

un importante apoio ao desenvolvemento deste tipo de actividades.

Estas características permiten inferir o valor e contribución diferencial destas entidades cara o interese de toda a colectividade, ao procurar un desenvolvemento máis sostible e igualitario. Esta circunstancia é particularmente importante no contexto actual, ao ser indicadores prioritarios no marco da Axenda 2030 das Nacións Unidas (NU), que identifican os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

As cifras testemuñan a relevancia económica da ES, especialmente no que se refire ás sociedades cooperativas. En Galicia, segundo o Libro Branco da Economía Social de Galicia (2020) a contribución deste subsector ao PIB sitúase en torno ao 7%, sendo as sociedades cooperativas as principais protagonistas desta achega cunha facturación próxima aos 2.500 millóns de euros (preto do 4,5% do PIB). Porén, esta contribución ven sendo tradicionalmente subestimada, algo que diversas institucións, como a Organización Internacional do Traballo (OIT), consideran necesario corrixir perante a importancia socioeconómica destas organizacións. Este chamamento é, se cabe, máis relevante para a nosa Comunidade Autónoma, onde existen casos coma o de Cooperativas Ourenás S. G. C. (COREN) que, sendo a principal cooperativa agroalimentaria de España, garante emprego a máis de 7.000 familias cunha facturación preto dos 1.078 millóns de euros en 2018.

Sen dúbida, COREN é unha entidade referente a nivel nacional e internacional en materia de cooperativismo. A localización territorial de COREN, ademais, pon de relevancia a estreita relación entre a ES e o desenvolvemento do medio rural, algo que permite potenciar recursos que ata o momento foron escasamente aproveitados na nosa Comunidade Autónoma (CA).

O anteriormente exposto permite poñer o foco nun conxunto de entidades cunha contribución relevante á economía do país. Porén, o seu interese non se limita ao reduccionismo cuantitativo, senón que debe ser cualitativamente destacado: priorizan valores e intereses colectivos, procuran obxectivos de carácter social, teñen un forte arraigo territorial, dinamizan o uso de recursos endóxenos, e sitúan as persoas no centro da súa actividade, baseando o seu funcionamento en procesos de participación democrática. Esta aposta central polo rol desenvolvido polas persoas no eixo do funcionamento empresarial é particularmente importante, posto que as entidades da ES teñen probado afrontar as situacións de crise económica realizando axustes en resultados antes que en emprego. Por tanto, todo apunta que a ES ten potencial para conformar unha importante ferramenta para mitigar os efectos económicos e sociais da pandemia da COVID-19. Ademais, destas características se infire un modelo particularizado de gobernanza con resultados que transcenden as limitacións economicistas, como a actuación respectuosa co medio ambiente e territorialmente distribuída. En consecuencia, ao papel da ES na recuperación económica debe engadirse o seu potencial para conformar un novo modelo de actividade que combine o crecemento

económico e a sustentabilidade.

Por todo o anterior, dende o Foro Económico de Galicia considerouse necesario realizar unha análise da ES en Galicia, que posibilite por en valor a súa importancia socioeconómica e o seu potencial como modelos de organización especialmente axustado ao novo paradigma económico que conforman os ODS. Dende o Foro Económico de Galicia somos conscientes da oportunidade deste documento para a nosa economía. Un recoñecemento que é preciso sinalar para poñer en valor a ES que esixe un tratamento diferenciado e, por outra parte, polo valor económico e social que implica. Neste senso, os beneficios e potencialidades da ES son xeralmente recoñecidos polos axentes externos. Unha proba deste recoñecemento é o consenso político acadado para a aprobación do marco regulatorio da ES, tanto a nivel central como autonómico.

O esquema que se seguirá será o seguinte. Tras esta introdución, no segundo apartado realizarase unha aproximación á conceptualización da ES. En terceiro lugar analízase o desenvolvemento da ES en Galicia. No cuarto apartado describiranse as actuacións públicas e privadas no campo de ES na nosa CA. No quinto apartado realízase unha análise cualitativa e cuantitativa das sociedades cooperativas en Galicia. En sexto lugar, indícanse dous exemplos de boas prácticas en materia de ES en Galicia. A continuación abordarase a relevancia que pode desempeñar a ES no proceso de recuperación económica tras a pandemia da COVID-19, sobre todo polos seus efectos económicos e sociais. Posteriormente, sinálanse unha serie de recomendacións. Finalmente, indícanse unha serie de conclusións.

2. CONCEPTUALIZACIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL

O punto de partida para coñecer o papel da ES é determinar ás actividades que comprende. O Informe Chaves-Monzón do Comité Económico e Social Europeo (Chaves e Monzón, 2008) formulou unha definición operativa de ES baseada nun amplo consenso científico (e político) que permite delimitar de forma homoxénea e harmonizada internacionalmente. Esta definición é a seguinte “Conxunto de empresas privadas organizadas formalmente, con autonomía de decisión e liberdade de adhesión, creadas para satisfacer ás necesidades dos seus socios a través do mercado, producindo bens e servizos, asegurando ou financiando e nas que a eventual distribución entre os socios de beneficios ou excedentes así como a toma de decisións, non están ligados directamente co capital ou cotizacións achegados por cada socio, correspondendo un voto a cada un deles. A ES tamén agrupa a aquelas entidades privadas organizadas formalmente con autonomía de decisión e liberdade de adhesión que producen servizos de non mercado a favor das familias, cuxos excedentes, se os houberse, non poden ser apropiados polos axentes económicos que as crean, controlan ou financian”.

Dende a perspectiva normativa, a Lei 5/2011 de 29 de marzo, de Economía Social (LES) define a ES como o “conxunto das actividades económicas e empresariais, que no ámbito privado levan a cabo aquelas entidades que de conformidade cos principios (...) perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben no interese xeral económico ou social, o am-

bos” (artigo 2). Polo tanto, a LES postúlase enmarcando a aplicación da ES a entidades que se organicen en torno a unha serie de principios, valores, ou o cumprimento dunha serie de condicións.

Dende a LES recoñécese a existencia de diversos modelos de organización en base aos principios orientadores que figuran recoñecidos e especificados no artigo 4. En primeiro lugar, pola primacía das persoas e do fin social sobre o capital; en segundo lugar, pola aplicación dos resultados obtidos da actividade económica ao fin social obxecto da entidade; en terceiro lugar, a promoción da solidariedade interna e coa sociedade para favorecer o desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades, e a cohesión social, entre outros resultados e, finalmente, a independencia respecto aos poderes públicos. Asemade, o artigo 5 da LES identifica as diferentes entidades que entran no contexto da aplicación da LES. Neste sentido, identifícanse unha serie de organizacións que entran no ámbito da ES: cooperativas, mutualidades, fundacións, asociacións que levan a cabo actividade económica, sociedades laborais, empresas de inserción, centros especiais de emprego, confrarías de pescadores e sociedades agrarias de transformación.

Polo tanto, no ámbito de actuación da ES inclúe un conxunto de organizacións privadas con fins de carácter social, caracterizadas por un conxunto de principios de funcionamento como a solidariedade, a libre adhesión, a gobernanza democrática, a sustentabilidade ou o compromiso co

medio ambiente. En consecuencia, asumen unha serie de valores que permiten compatibilizar a actividade económica coa sustentabilidade no entorno e a mellora da calidade democrática da actuación empresarial.

A revisión dos valores intrínsecos das entidades de ES e os conseguíntes principios de funcionamento determinan o desenvolvemento dunha forma particular de produción e consumo, ademais dun trato preferente coas persoas traballadoras. Na súa actividade, as entidades de ES garanten a compra dos produtos e servizos a todos os seus socios. Ademais desta garantía de ingresos, reparten entre todos os socios os custos, o que achega para estes confianza, protección e seguridade. Esta característica, que pasa xeralmente desapercibida na análise do funcionamento das entidades de ES, non é menor, posto que a redución de riscos asociados ao reparto de custos permite achegar unha vía de emprendemento a persoas caracterizadas por unha maior aversión ao risco.

A ES permite un mellor asentamento e consolidación de estruturas produtivo-empresariais sólidas en sectores e contextos caracterizados pola dispersión dos axentes ou por actividades individuais e/ou de pequena escala. Estas entidades actúan na introdución de melloras e cambios nas empresas individuais, prestan servizos e asesoramento, inciden na difusión de coñecementos técnicos, na formación, na difusión da información e priman a especialización produtiva.

Neste senso, destaca a importancia decisiva das cooperativas agrarias na práctica totalidade dos subsectores agrogandeiros; a actuación directa na reforma das

estruturas produtivas das cooperativas de explotación en común da terra e dalgúns sociedades de transformación agraria; as cooperativas de traballo asociado que facilitan a integración no mercado; ou as cooperativas de servizos, fórmulas de integración empresarial e de racionalización de custos de traballadores autónomos e PEMES. Igualmente, as entidades de ES adoitan difundir e colaborar na aplicación de medidas ambientais desenvolvendo e implantando sistemas de calidade coas súas correspondentes certificacións. Esta práctica, á súa vez, permite avanzar na diferenciación e singularización de produtos a través da creación de marcas, ou contribuíndo a garantir a seguridade alimentaria.

Esta actividade produtiva ten unha derivada fundamental no eido do emprego, por canto o mantemento da actividade produtiva en diferentes sectores favorece a sustentabilidade dos postos de traballo nestes. Así por exemplo, a dinámica do mercado de traballo está fortemente condicionada pola perda de empregos no sector agrario, pero a contribución das cooperativas na transformación do sector serve para mitigar a dita tendencia. Tamén é destacable a contribución das cooperativas de traballo asociado para frear a perda de postos de traballo na industria e os servizos mediante a asunción da propiedade da empresa en crise por parte das persoas traballadoras.

O emprego nas entidades de ES, ademais, merece especial atención, procedendo unha análise dende un punto de vista cualitativo, antes que unha meramente cuantitativa. Neste senso, cabe destacar a presenza de trazos cualitativos específicos en varios aspectos. En primeiro lugar,

na estabilidade. Nestas entidades existe firmeza e continuidade na afiliación de cada persoa traballadora ao colectivo que integra, o que contrasta fortemente coa situación actual no mercado de traballo, caracterizada pola elevada flexibilidade e a contratación temporal. Como é obvio, as persoas socias están unidas por un pacto diferente e máis forte que o que vincula ao persoal asalariado coa súa empresa.

En segundo lugar, un dos principios reitores das entidades da ES é a aposta no eido da formación e capacitación das persoas que integran a organización: a cooperación, a asunción conxunta de responsabilidades e a participación nas decisións implican maior contribución á súa formación e á preparación. Todas as fórmulas de ES, e especialmente as empresas de traballo asociado, funcionan como escolas de empresariado. Asemade, en boa parte das sociedades cooperativas organízanse actividades formativas como parte substancial da súa actividade. Con tal fin, as organizacións adoitan reverter parte dos seus beneficios en accións formativas.

En terceiro lugar, e tamén como parte intrínseca do funcionamento das empresas de ES, a participación das persoas traballadoras na propiedade outórgalles a capacidade de tomar decisións sobre as condicións do seu propio traballo. Isto facilita a incorporación de comportamentos positivamente diferenciados no ámbito das condicións laborais. A asunción conxunta da promoción da empresa e os riscos do proxecto, de xeito participativo e igualitario, crea un marco que favorece a implicación dos traballadores e pode xerar, no subxectivo, actitudes de motivación favorables. Ao tempo, tamén permite

tomar decisións especialmente favorables á incorporación de medidas positivas de conciliación no traballo, o que facilita o equilibrio na vida persoal, familiar e laboral.

Tamén é salientable o papel que desempeñan as entidades de ES na creación de emprego en colectivos con certas dificultades de inserción laboral. Neste senso, hai entidades especificamente creadas para dito obxectivo, como os centros especiais de emprego e as sociedades de inserción laboral. Igualmente, pode ser unha vía para a regularización da economía informal, contribuíndo a que saian á luz algunhas destas situacións e ofrecendo canles que incidan na mellora das condicións de vida e traballo das persoas nesta situación.

Finalmente, queremos sinalar que dado o importante impacto económico e social da ES, sería recomendable establecer algún tipo de vantaxe comercial, de acceso aos produtos ou no funcionamento deste tipo de entidades. É certo que algunhas das institucións que conforman a ES, nomeadamente as cooperativas, presentan algunhas vantaxes fiscais e en materia de formación, pero estas parecen ser insuficientes. Neste sentido, parece comprobarse que o réxime fiscal actual non sempre ten en conta as novas formas de organización empresarial que supón á ES.

Estes efectos inherentes da ES cobran importancia especial cando xorden situacións de crise económica, como a gran depresión de 2008-2013 e mesmo a actual crise económica e social provocada pola COVID-19, onde estas entidades adoitan amosar unha maior capacidade de resiliencia empresarial que outros modelos empresariais. Como se destacou previamente, as organizacións neste sector da

economía non precisan de obter resultados positivos para seguir producindo, a condición de que contribúan a maximizar o valor da contribución dos seus participantes. Ademais, a priorización de obxectivos sociais supón que internalizan mellor as crises, evitando axuste traumáticos vía emprego ao axustar a actividade e os beneficios.

En definitiva, neste eido da economía as entidades que conforman a ES poden desenvolver un papel básico na recuperación económica perante a situación actual, ademais de contribuír á xeración de emprego de calidade e a unha actividade

económica mellor distribuída no territorio, o que á súa vez contribúe a unha mellor cohesión.

3. O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

A Lei 6/2016, de 4 de maio, da Economía Social de Galicia establece que formaran parte desta conxunto de actividades as cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego, empresas de inserción laboral, fundacións, confrarías, sociedades agrarias de transformación, comunidades e mancomunidades de montes veciñais en mancomún e mutuas. Este conxunto de entidades dan prioridade as persoas, primando o fin social, a xestión democrática, o desenvolvemento local, a inserción de persoas en risco de exclusión social e a xeración de emprego de calidade. En 2021, Galicia conta con 1.455 cooperativas activas, 1.463 sociedades laborais, 111 centros especiais de emprego e 13 empresas de inserción laboral.

As características definidas no apartado precedente suxiren que as entidades que conforman a ES teñen unha importante capacidade para o fomento do desenvol-

vemento local do territorio en que desenvolven a súa actividade. Esta característica é particularmente relevante para a comunidade galega, fundamentalmente por tres razóns (Bastida, Vaquero e Cancelo, 2020):

a. Como primeiro argumento podemos indicar as especiais características socio-demográficas que temos en Galicia, é dicir, elevado envellecemento poboacional, taxa de crecemento vexetativo negativo, despoboamento do medio rural, reducida densidade xeográfica e forte polarización cara o medio urbano (Vaquero e Losa, 2020), que fan necesaria unha urxente intervención para garantir a sustentabilidade do territorio, sobre todo o rural e a longo prazo. Precisamente, Juliá e Marís (2002) destacan a capacidade do cooperativismo agrario para paliar os problemas económicos, sociais e demográficos perennes no medio rural. O anterior cobra

máis valor para o caso da CA de Galicia, onde, se ben as explotacións agropecuarias teñen a súa importancia, o seu futuro periga por mor dos movementos migratorios de xente nova ás grandes urbes e pola baixa natalidade nas comarcas e concellos do rural. Polo tanto, e tendo en conta a importancia que supón o sector primario para a economía destas zonas e para o seu desenvolvemento endógeno, Galicia debería apostar pola diversificación de actividades, fundamentalmente no sector servizos, o que ademais permitiría dar resposta axeitada ás novas esixencias e necesidades (Vaquero e Losa, 2020).

b. En segundo lugar, debe destacarse a importancia da creación e sustentabilidade do emprego para a comunidade galega. En 2018 as catro principais familias da ES por actividade en Galicia -sociedades cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego- achegan o 4,7% do PIB e dan emprego ao 1,3% da poboación ocupada de Galicia. Segundo a Confederación Empresarial Española de Economía Social (CEPES), hai 21 cooperativas galegas dentro do ranking das 600 máis importantes a nivel estatal. Entre elas destaca o caso de COREN, que será obxecto de análise posterior, e que ocupa o cuarto posto deste ranking e xera máis de 3.000 postos de traballo. En consecuencia, todas as entidades que conforman a ES e especialmente as cooperativas, pola súa maior dimensión, presentan unha relevancia potencial como motor de creación e revitalización de emprego.

c. Galicia, como o resto de territorios

asinantes do pacto pola consecución dos ODS das Nacións Unidas está comprometida coa Axenda 2030. En consecuencia, entra no ámbito das diferentes Administracións Públicas facer viables as accións que faciliten a consecución dos obxectivos, e as entidades de ES teñen un papel relevante especialmente no que respecta ao ODS 8 (crecemento económico sostible) e o ODS 10 (redución das desigualdades). Igualmente, debe recordarse que todas as entidades que conforman a ES, especialmente as cooperativas, son partícipes dos valores e principios para acadar o desenvolvemento sostible. Esta relación pode concretarse nunha tripla acepción de sustentabilidade (Bastida, Vaquero e Cancelo, 2020): ambiental (a través do emprego de recursos endóxenos e supervivencia a longo prazo), económica a longo prazo (viabilidade) e de responsabilidade social (primacía das persoas sobre o beneficio empresarial e asunción do criterio de compartir custos e beneficios).

Ademais, merece destacarse que a comunidade galega leva certa vantaxe na consolidación e potenciación do tecido económico e empresarial da ES. Neste sentido, a regulación marco destas actividades a nivel estatal é relativamente recente, sendo a Lei estatal de 2011 (a Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social). Esa norma posibilita o exercicio de competencias propias por parte das autonomías para o deseño da propia regulación, pero polo de agora é Galicia a única CA con regulación propia, dende o ano 2016 (Lei 6/2016, de 4 de maio, da Economía Social de Galicia). Asemade, en decembro de 2018, na Lei de acompañamen-

to dos orzamentos de Galicia, modifícase a Lei de creación do Consello Económico e Social de Galicia para incorporar no grupo terceiro unha persoa da ES en representación do Consello Galego de Economía Social. Asemade o Consello Económico e Social de Galicia conta cunha persoa representante da Federación de Confrarías de Galicia.

A través da Lei de Economía Social de Galicia, se adapta as nosa situación o marco xeral contido na normativa estatal ás súas características específicas, engadindo dous principios reitores de relevancia substancial para o desenvolvemento endógeno a nivel local: o compromiso co territorio, fronte ao despoboamento e o envellecemento no rural de Galicia¹, e o fortalecemento da democracia institucional e económica por medio da ES. Ambas cuestións son vitais para a consecución dos obxectivos da ES: o reparto equilibrado da riqueza e o fomento do emprego de calidade.

A norma galega supón o punto de partida para o deseño dun ecosistema munificente a ES en Galicia (Ilustración 1). Este ecosistema é resultante da acción combinada de tres subsistemas que actúan de xeito coordinado e sinérxico: (a) un ecosistema institucional, que conforma o marco de actuación e regulamento da ES en Galicia; (b) un ecosistema social, onde os axentes implicados na xestión e desenvolvemento da ES interactúan para o fomento e difusión deste eido de actividade, contribuíndo ao seu desen-


vovemento e expansión, e (c) un ecosistema financeiro, que garante a dotación orzamentaria para poder desenvolver os anteriores. A análise conxunta da actividade destes tres subsistemas interrelacionados permite diferenciar a actuación de dous elementos -nomeadamente, o ecosistema institucional e financeiro, que actúan como factores *pull* na conformación de entidades da ES, a mellora das súas condicións de funcionamento, a súa eficiencia e resultados.

Neste senso, as liñas directas para a creación de organizacións, o acceso á condición de socios das entidades, o asesoramento técnico ou o acompañamento na tramitación administrativa coexisten cun catálogo de medidas de mellora das condicións de actuación (compra pública, axudas á comercialización e distribución ou fomento do uso de recursos endóxenos) co obxectivo de mellorar as opcións de competitividade das entidades.

Paralelamente, establécese un conxunto de actuacións de difusión e formación da ES, sobre a base de que da mellora do seu coñecemento debe contribuír a reforzar o papel destas entidades como unha opción máis na decisión de emprender. Estas accións, combinadas co fomento do asociacionismo, elevan o recoñecemento do ámbito de actuación e posibilidades destas organizacións, conformándose un ecosistema social que actúa como factor *push* ao elevar o atractivo do sector (Bastida, Vaquero e Cancelo, 2020).

1- Con este principio trátase de adaptar o marco regulatorio xenérico estatal á realidade socioeconómica de Galicia. Inclúese na normativa autonómica ás comunidades de montes veciñais en man común pertencentes a agrupacións veciñais, cun aproveitamento a través do réxime de comunidade e, asemade, persegue que a ES xere emprego de calidade, sendo un dos obxectivos que perseguen as actividades que se haxan baixo o paraugas da ES.

Ilustración 1: Ecosistema galego munificente da Economía Social



Fonte: Bastida, Vaquero e Cancelo (2020)

Os beneficios esperados da actuación das entidades da ES merecen especial consideración, sobre a base da forte implicación co territorio no que se desenvolve, con importantes economías positivas na xeración de riqueza e emprego. Así, a ES adopta un rol esencial coma axente vertebrador do territorio en que se localiza, permitindo o fomento de iniciativas de desenvolvemento endógeno en áreas rurais e zonas industriais ou espazos urbanos degradados. Estes resultados son especialmente relevantes para territorios caracterizados polo abandono e a despoación rural, como é o caso de Galicia.

Asemade, a ES posibilita o reinvestimen-

to dos beneficios xerados no territorio onde se desenvolve, permitindo un proceso de retroalimentación da iniciativa. En consecuencia, a ES utiliza os recursos locais para fortalecer a sociedade e a súa economía de “dentro cara a fóra”. En efecto, a ES permite acadar un desenvolvemento local e endógeno, de forma que beneficia especialmente o lugar onde se implanta a entidade, garantindo ademais unha maior utilización dos recursos de proximidade.

Esta aposta pola actividade económica baseada nos recursos endóxenos permite intuír as potencialidades da ES para a chegar un medio de vida e desenvolvemento profesional a áreas non urbanas, ao que

hai que sumar as súas potencialidades para crear emprego de calidade. Trátase, ademais, dunha actividade con maior capacidade de supervivencia, resiliencia e estabilidade, por canto non está suxeita á necesidade de obter beneficios económicos para garantir a súa permanencia.

Se estes resultados son particularmente importantes para contribuír a un reparto máis equitativo da actividade económica e a cohesión territorial, as características destas entidades permiten inferir un funcionamento máis acaído ás necesidades e expectativas contemporáneas. Así, a ES permite a creación e extensión dunha cultura e un tecido empresarial responsable co medio ambiente. En efecto, o desenvolvemento próximo da actividade deste eido da economía precisa dunha boa relación co medio ambiente, xa que boa parte destas actividades consideran a natureza e a súa explotación responsable como fonte de riqueza económica. Neste senso, as entidades da ES centran particularmente a súa atención no seu posible impacto ambiental. Isto tradúcese directamente na procura de formas de produción e consumo sostible e equitativas. Así, as entidades de ES amosan unha especial preocupación polos efectos do cambio climático, que pode afectar directamente ás súas posibilidades de supervivencia. Por conseguinte, para estas entidades o desenvolvemento sostible non se limita a unha declaración de intencións, senón que conforma o seu modelo básico de funcionamento e supervivencia da actividade para futuras xeracións.

A ES posibilita a supervivencia de actividades en risco de desaparición, algo de especial transcendencia na nosa CA en

todo o relacionado co medio rural, que por falta de oportunidades e polo escaso atractivo para a poboación de menor idade, está sendo abandonado. É, en definitiva, unha vía para achegar actividade, riqueza e medios de vida sobre unha base territorial descentralizada e repartida, o que pode e debe ter importantes efectos na redistribución da poboación e a loita contra o abandono.

É necesario aumentar o coñecemento e consciencia das importantes contribucións da ES á sociedade e economía galega; que cobra se cabe maior relevancia á vista da súa capacidade para crear un modelo de desenvolvemento socioeconómico sostible e equilibrado, centrado nas persoas e os beneficios para a comunidade, sobre calquera outro tipo de rendibilidade, elementos que están no ADN das entidades que conforman a ES. A ES posibilita unha serie de vantaxes para a sociedade que deben ser postas en valor.

Sen embargo, este coñecemento non pode quedar limitado a unha enumeración de vantaxes e accións potenciais. Para elo, debe proseguirse na mellora do empoderamento da ES e a súa visibilidade para a sociedade, así coma no recoñecemento das oportunidades de mellora xeradas por este tipo de actividade. Sen dúbida, a gran adaptabilidade deste sector, que resistiu con éxito as últimas crises económicas, incluíndo a actual asociada á COVID-19, converte a ES nunha aposta de futuro por un espazo onde cada vez é máis necesario promover o autoemprego e camiñar cara a un novo paradigma económico que combine crecemento e sustentabilidade, na liña dos compromisos contraídos no cumprimento dos ODS.

4. O NECESARIO TÁNDEM PÚBLICO-PRIVADO PARA O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

Como é sabido, nunha estrutura socio-política como a nosa, o labor fundamental dos poderes públicos é sentar as bases para un correcto funcionamento da actividade económica, contribuíndo a remover as posibles disfuncións que poidan dificultar o normal crecemento desta. Para elo, resulta básica a concorrencia de accións desde a perspectiva privada e pública, sobre todo no intercambio fluído de información e o deseño de planificación de estratexias conxuntas. Esta colaboración cobra substancial no eido da ES: a proximidade e a adecuación das súas actividades ao territorio implican un coñecemento explícito e pormenorizado do marco de actuación das entidades, que favorecen a adquisición dun coñecemento explícito da problemática estrutural das organizacións que debe conformar a base de deseño das intervencións.

Entidades de natureza pública

O Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se configura a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, establece que as competencias en materia de ES en Galicia recaen no devandito departamento, centralizando as súas actuacións na Subdirección Xeral de Economía Social, con dependencia xerárquica directa da Dirección Xeral de

Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social. En concreto, esta subdirección responsabilízase das seguintes funcións (Xunta de Galicia, 2021):

- A planificación, coordinación, execución e control das competencias da CA de Galicia no relacionado coas sociedades cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción, e as relacións coas súas organizacións representativas.
- A promoción e o fomento da ES, sen prexuízo das competencias doutras consellerías da Xunta de Galicia en materias relativas ás distintas tipoloxías de entidades.
- O impulso do funcionamento do Consello Galego de Cooperativas (creado pola Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia) e do Consello da Economía Social de Galicia (creado pola Lei 6/2016, de 4 de maio, de Economía Social de Galicia).
- A coordinación de actividades conxuntas e a colaboración en rede de institucións, organizacións e entidades a través da Rede Eusumo. Esta Rede ten entre os seus obxectivos fomentar o espírito emprendedor a través da ES, prestar apoio directo á creación e a consolidación de emprego².
- A elaboración da proposta de anteproxecto de orzamento anual, a súa xes-

2- A Rede Eusumo ten 223 socios, prestando asesoramento en 2020 a 217 proxectos, titorizando a preto de 380 persoas, con 200 cursos formativos e actividades divulgativas para 3.400 persoas (Xunta de Galicia, 2021), vexase <https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/56208/economia-social-creo-galicia-mas-125-nuevas-empresas-largo-2020-pe-se-covid-19>

tión, seguimento e avaliación, así como a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.

- A coordinación con outros departamentos autonómicos na tramitación dos expedientes e procedementos que sexan competencia da devandita subdirección xeral.

Ademais, baixo a súa dirección e dependencia, a Subdirección Xeral de Economía Social conta para o pleno desenvolvemento das súas funcións co Servizo de Promoción da Economía Social e o Servizo e Fomento do Emprego en Economía Social. Así mesmo, é preciso sinalar que aínda que a maior parte das competencias en materia de ES se centralizan nesta unidade administrativa, hai unha serie de entidades que quedan ao amparo doutras divisións organizativas. A modo de exemplo pódense sinalar as Confrarías de Pescadores (dependentes da Consellería do Mar) ou as mancomunidades de montes

en man común (dependentes da Consellería de Medio Rural). Por tanto, e a modo de resumo, a Subdirección Xeral de Economía Social ten competencias plenas sobre as cooperativas, as sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción.

Neste ámbito de gobernanza, Galicia conta con dous órganos con funcións consultivas e de asesoramento en materia de ES para a súa promoción e difusión: o Consello Galego de Economía Social (CGES) e o Consello Galego de Cooperativas (CGC). O CGES, que ten como misión establecer foros de diálogo e comunicación que potencien a ES en Galicia, foi creado coa Lei de Economía Social de Galicia, aínda que non comeza a funcionar ata xaneiro de 2019. Atópase integrado na Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Igualdade. Esta entidade presta un importante papel en actividades de promoción e difusión da ES (Táboa 1).

Táboa 1: Funcións do Consello Galego de Economía Social

- . Asesoramento en actividades de planificación, fomento, coordinación e execución de todos os programas destinados á promoción e difusión da ES.
- . Elaboración de informes sobre proxectos normativos relacionados coa ES.
- . Confección de estudos e propostas sobre cuestións relacionadas coa ES.
- . Avaliación de programas de desenvolvemento da ES.
- . Formulación e realización de informes sobre incorporacións/exclusións no Catálogo Galego de ES.
- . Orientación en materia de cooperación ás entidades que conforman a ES.
- . Asesoramento en políticas públicas relacionadas coa ES.
- . Vixilancia, promoción e aplicación dos principios da ES en Galicia.

Fonte: Lei 6/2016, de 4 de maio, da Economía Social de Galicia

Pola súa banda, o CGC, creado a partir da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia, focaliza a súa actividade cara ás cooperativas, que, como se indicou, representan o maior peso

dentro da ES galega, tanto no relaciona- do coa facturación, coma por número de empresas e en participación na xeración de emprego. A Táboa 2 resume as súas funcións.

Táboa 2: Funcións do Consello Galego de Cooperativas

- . Facilitar e colaborar na investigación, planificación e execución dos programas de desenvolvemento e fomento do cooperativismo.
- . Elaborar propostas, ditames e informes relacionados coa actividade cooperativa.
- . Realizar estudos, traballos e documentos que potencien a intercooperación das cooperativas.
- . Emitir informes sobre aqueles proxectos normativos que afecten directamente ao cooperativismo.
- . Contribuír á mellora do réxime legal e institucional do ordenamento socioeconómico de Galicia.
- . Conciliar e exercer medidas de arbitraje en materia de cooperativas.
- . Promover a educación e formación cooperativa no sistema educativo.
- . Exercer as accións necesarias para percibir os fondos irrepantibles e o remanente do haber líquido social das cooperativas.
- . Percibir, planificar e xestionar os fondos de formación e promoción de cooperati- vas de Galicia.
- . Calquera función que lle atribúa o ordenamento normativo galego en materia de cooperativas.

Fonte: Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia

O CGC está conformado por entidades procedentes do cooperativismo, do go- berno autonómico, das administracións

locais e das tres universidades galegas. O Sistema Universitario de Galicia (SUG), pola súa banda, canaliza a súa actuación

a través do Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP), vinculado á Universidade de Santiago de Compostela, como Centro Universitario de natureza mixta dedicado á investigación, formación e estudo do cooperativismo (Táboa 3).

Táboa 3: Funcións do Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP)

- . Promover, impulsar e desenvolver o coñecemento, a investigación e a difusión de materias vinculadas coa ES.
- . Desenvolver accións de formación e ensino promovidas pola USC ou a Xunta de Galicia.
- . Establecer vínculos de colaboración con organizacións galegas, nacionais ou internacionais, converxentes co CECOOP.
- . Participar no ensino de Terceiro Ciclo e Posgraduado no marco da programación da USC.
- . Crear e manter unha biblioteca especializada.
- . Promover a publicación dunha revista especializada en temas cooperativos e de ES.

Fonte: Elaboración propia con la información incluída na web do CECOOP, <https://www.cecoop.eu/>

En consecuencia, na CA de Galicia a planificación e xestión das políticas de fomento e consolidación da ES dependen directamente das decisións que se tomen desde a óptica autonómica, debido a que a Xunta de Galicia é o actor e executor principal de desenvolvemento neste ámbito.

Esta dependencia ten puntos positivos e negativos: por unha banda, reflicte o compromiso do Goberno autonómico por este tipo de actuacións, pero ao mesmo tempo, é evidente a dependencia financeira dos orzamentos da Xunta de Galicia, o cal nun escenario de restrición económicas pode ser un hándicap para o desenvolvemento das actuacións en ES.

Entidades de natureza privada

A Lei 6/2014, 4 de maio, de Economía Social de Galicia sinala a necesidade de contar con asociacións empresariais que representen as entidades que constitúen a ES galega. Ademais, inclúe a obriga por parte da Xunta de Galicia de apoiar ao tecido asociativo vinculado a ES. Así, as unións, federacións e confederacións de cooperativas atópanse reguladas no artigo 133 da Lei de Cooperativas de Galicia, modificado pola Lei de Economía Social de Galicia, para dispoñer de entidades representativas que agrupen a cooperativas de diferente clase.

En febreiro de 2021 só hai unha única entidade asociativa en Galicia, que representa ás entidades de ES: o Foro Galego pola Economía Social (FGES), creado en marzo de 2018 como espazo de encontro para estas entidades en Galicia. A súa actuación pivota baixo unha tripla perspectiva: (a) visibilizar a ES

ante a sociedade e os principais axentes económicos; (b) representación dos intereses da ES; e (c) desenvolvemento das condicións para o fomento de ES. As cinco asociacións que compoñen o FGES (e os seus obxectivos principais) figuran na Táboa 4, sendo as máis representativas de ES de Galicia.

Táboa 4: Entidades participantes no Foro Galego pola Economía Social

Entidades	Características
Asociación de empresas de inserción de Galicia (AEIGA)	Agrupa ao 70% das empresas de inserción en Galicia. Busca fomentar o modelo de empresas de inserción laboral contra a exclusión social, especialmente para aqueles colectivos en grave risco.
Agrupación empresarial de sociedades laborais de Galicia (AESGAL)	Configurase como una organización empresarial multisectorial en ES para promover a defensa, promoción, consolidación e representación das sociedades laborais.
Asociación galega de cooperativas agrarias (AGACA)	É a principal entidade do cooperativismo agrario, cuxo obxectivo é representar e liderar as estratexias e as accións para promover o cooperativismo agroalimentario galego.
Asociación empresarial galega de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro (CEGASAL)	Organización empresarial de carácter multisectorial para a promoción dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro e de promoción de emprego de calidade para persoas con discapacidade e en situación en risco de exclusión social de Galicia.
Unión de cooperativa ESPAZOCOOP	Entidade multisectorial de carácter empresarial integrada por cooperativas de diferentes clases, que ten coma obxectivo agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación e defender os intereses das súas cooperativas socias e a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo.

Fonte: Bastida, Vaquero e Oliveira (2019) e elaboración propia a partir das páxinas webs das entidades indicadas

A Táboa 5 recolle a mesma información ES de Galicia. para outras entidades significativas da

Táboa 5: Outras entidades representativas de la Economía Social en Galicia	
Entidades	Características
Unión de Cooperativas Galegas de Transporte (UCOGATRA)	Organización formada por 20 cooperativas de transportistas, da que forman parte máis de 800 transportistas autónomos.
Federación Galega de Confrarías de Pescadores	Organización creada a partir das tres federacións provinciais para acadar unha representación única e de coordinación do sector das confrarías de pescadores.
Organización galega de comunidades de montes veciñais en man común (ORGACCMM)	Entidade que agrupa a unha parte importante das comunidades de montes que conforman o territorio galego.

Fonte: Bastida, Vaquero e Oliveira (2019) e elaboración propia

5. ANÁLISE CUALITATIVO E CUANTITATIVO DO COOPERATIVISMO EN GALICIA³

Unha das actividades máis importantes da ES é o cooperativismo, tanto polo número de entidades, volume de emprego xerado como pola súa aportación ao Produto Interior Bruto. De aí que sexa necesario realizar unha análise pormenorizada deste tipo de actividades.

Segundo os datos dispoñibles nos diferentes Rexistros de Cooperativas, o número de cooperativas activas en Galicia

(con ámbito territorial e domicilio social na nosa Comunidade Autónoma a 31 de decembro de 2019) é de 1.390. As estatísticas de Economía Social do Ministerio de Traballo e Economía Social posibilitan unha primeira aproximación, aínda que só inclúen as sociedades cooperativas inscritas nos rexistros da Seguridade Social.

Como se constata no Táboa 6 en España rexístranse 1.319 cooperativas menos

Táboa 6: Evolución das Sociedades Cooperativas inscritas na Seguridade Social 2018-2019

	Sociedades cooperativas		Variación	
	2018	2019	Absoluta	Relativa
Andalucía	3.777	3.852	75	2,0%
Aragón	714	556	-158	-22,1%
Asturias	197	189	-8	-4,1%
Baleares	163	154	-9	-5,5%
Canarias	229	226	-3	-1,3%
Cantabria	84	90	6	7,1%
Castela-A Mancha	1.307	1.167	-140	-10,7%
Castela e León	1.170	1.069	-101	-8,6%
Cataluña	3.951	3.178	-773	-19,6%
Comunidade Valenciana	2.425	2.277	-148	-6,1%
Estremadura	588	582	-6	-1,0%
Galicia	749	744	-5	-0,7%
Madrid	781	758	-23	-2,9%
Murcia	1.514	1.539	25	1,7%
Navarra	503	479	-24	-4,8%
País Vasco	1.629	1.628	-1	-0,1%
A Rioxa	145	118	-27	-18,6%
Ceuta	15	15		0,0%
Melilla	13	14	1	7,7%
Total	19.954	18.635	-1.319	-6,6%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Dirección Xeral da Economía Social, do Traballo Autónomo e da Responsabilidade Social das Empresas


3- En Bastida, Álvarez e Olveira (2020) faise unha análise polo miúdo da situación das cooperativas en Galicia dentro do Libro Branco de Economía Social de Galicia.

que en 2018, unha diminución do 6,6%. As cooperativas descenden en todas as comunidades autónomas coa excepción de Andalucía (que rexistra 75 cooperativas máis), Murcia (25 máis), Cantabria e a cidade autónoma de Melilla (6 e 1 cooperativa máis en 2019, respectivamente). Galicia rexistra un descenso inferior á media estatal e, de feito, en termos relativos é a segunda comunidade onde menos cae o número de cooperativas (me-

nos dun 1%), por detrás do País Vasco (-0,1%). O Gráfico 1 recolle a evolución entre 2010 e 2019 do número de cooperativas en Galicia.


Como pode constatarase no Gráfico 2 esta evolución recente das cooperativas supón que este tipo de entidades en Galicia rexistran un pulo importante a partir de 2017, sendo a súa taxa de crecemento superior ao do resto de sociedades mercantís tanto en Galicia como en España.

Gráfico 1: Cooperativas constituídas en Galicia (1990-2019)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

Gráfico 2. Variación no número de Sociedades constituídas Galicia-España (2009-2019)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas e o DIRCE (INE)

A nivel provincial (Gráfico 3), Pontevedra presenta un maior pulo na creación de sociedades cooperativas en 2019. Así, das 109 novas cooperativas creadas neste ano,

49 o son nesta provincia. A continuación figura A Coruña (43 novas cooperativas) e, a moita distancia, Lugo e Ourense (9 e 8 novas cooperativas, respectivamente).

Gráfico 3: Distribución das novas cooperativas por provincias (2019)



■ A Coruña ■ Pontevedra ■ Lugo ■ Ourense

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

Gráfico 4: Distribución das cooperativas por provincias, en porcentaxe (2018-2019)




Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

En 2018, A Coruña e Pontevedra concentraban o 67,9% das cooperativas rexistradas en Galicia (69,2% en 2019). Compró-

base unha progresiva concentración, onde Pontevedra continúa a gañar presenza relativa (Gráfico 4). Esta tendencia parece

Gráfico 5: Distribución territorial das cooperativas galegas. Medio urbano e rural (2019)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

respostar a unha progresiva concentración da actividade económica nas provincias atlánticas.

As novas cooperativas manteñen o carácter maioritariamente rural destas sociedades. Así, preto do 57% das novas sociedades cooperativas inscritas en 2019 rexístranse no medio rural, fronte ás rexistradas en grandes urbes. A provincia lucense é a que presenta un maior equilibrio, repartíndose a partes iguais as novas sociedades creadas en ambos medios (Gráfico 5).

A fórmula de traballo asociado continúa a ser a preferida na constitución de novas cooperativas. De feito, o 68,8% das novas sociedades creadas en 2019 o fan baixo esta fórmula, unha porcentaxe que ascende ata o 74% se consideramos as cooperativas xuvenís, tamén na clase de

traballo asociado. A continuación figuran as cooperativas de vivenda, seguidas das agrarias.

Segundo os datos do Rexistro Galego de Cooperativas, os datos a 31 de decembro de 2019 recollen un total de 611 socios. Tendo en conta o número de novas cooperativas, obtense un número medio de socios fundadores próximo a 6 persoas para cada unha delas. O tamaño medio oscila moito en función do tipo de cooperativas. As cooperativas de vivenda son as que presentan un maior número de socios fundadores (case 15), seguidas das cooperativas agrarias (algo máis de 5 en valor medio).

Os datos do Rexistro Galego de cooperativas permiten obter información do número de mulleres que figuran entre esas persoas socias. En relación coas coope-


rativas constituídas en 2019, as mulleres representan algo máis do 37%. Neste contexto, destaca a súa presenza nas cooperativas de traballo asociado e nas de explotación comunitaria da terra.

A meirande parte destas sociedades opera no sector servizos, en concordancia co seu peso relativo na economía galega. En concreto, 8 de cada 10 cooperativas constituídas en 2019 operan neste sector, incluíndo as de servizos de transporte e construción. Os datos confirman o sostido incremento de presenza das cooperativas de servizos, con moita claridade dende o ano 2016. Finalmente, pódese sinalar que a desagregación das cooperativas por actividade económica principal permite comprobar unha elevada concentración de cooperativas destinadas a actividades

de construción e comercio entre as creadas en 2019, seguidas das rexistradas para actividades profesionais, científicas e técnicas.

Os últimos datos dispoñibles do Rexistro Galego de Cooperativas corresponden ao ano 2020. Pódese comprobar como a data 31 de decembro deste ano en Galicia había 1.354 cooperativas. As provincias de A Coruña (39,4%) e Pontevedra (30,5%) son as que recollen un maior número de cooperativas (Gráfico 6). Polo que respecta á clasificación entre cooperativa provincial e autonómica, a maior parte (84,3%) son de carácter provincial, fronte ao 15,7 % de natureza autonómica. Asemade, o 99,3% das cooperativas galegas activas son de primeiro grao, mentres que só un 0,7% son de segundo grao.

Gráfico 6: Distribución provincial das cooperativas galegas activas, en porcentaxe (2020)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas


Polo que respecta ao tipo de familias das cooperativas galegas, compróbase para o último ano con datos dispoñibles como a maior parte son cooperativas de traballo asociado (53,4%), seguidas de vivendas (6,3%) e explotación comunitaria da terra (3,5%). O restos das diferentes familias representan menos dun 3% da totalidade das cooperativas (Gráfico 7).

Polo tanto, compróbase unha alta polarización cara as cooperativas de traballo asociado. Este resultado, que tamén se produce a nivel nacional (hai preto de 17.000 cooperativas con esta estrutura), responde ao elevado grao de flexibilidade deste tipo de entidades, ao tratarse de socios que se unen para garantirse

traballo e que comparten e organizan en común a produción de bens e servizos.

De feito, este tipo de entidades posibilita ás persoas autónomas que optan por esta vía un importante aforro de custos xa que, tanto a propiedade como a organización é común; ao anterior hai que engadir a responsabilidade dos cooperativistas á aportación ao capital social e a posibilidade de capitalizar a prestación contributiva por desemprego para ser socio dunha cooperativa de traballo asociado. Esta tríade de vantaxes fan que esta alternativa sexa moi utilizada, especialmente cando se trata de persoas que anteriormente tiñan un traballo por conta allea, e que coma alternativa laboral, optan pola creación deste tipo de cooperativas.

Gráfico 7: Distribución por familias das cooperativas galegas activas, en porcentaxe (2020)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do Rexistro Galego de Cooperativas

6. A ECONOMÍA SOCIAL E A RECUPERACIÓN ECONÓMICA TRALA PANDEMIA DA COVID-19

Como xa foi sinalado, a diferenza da economía tradicional, a ES posúe un conxunto de valores diferenciais que posibilitan a construción e desenvolvemento dunha nova forma de produción e consumo garantindo un trato diferente coas persoas traballadoras, que figura como clave de bóveda da súa actividade.

Do mesmo xeito que aconteceu coa crise económica mundial do 2008, a ES parece amosar unha maior capacidade de adaptación e resiliencia que outros modelos empresariais máis tradicionais. En efecto, o arraigo e maila integración da ES no territorio onde desenvolve o seu traballo, xunto co seu apoio en redes de solidariedade que se activan cando as circunstancias económicas o demandan, parece estar detrás desta maior flexibilidade ante situacións de adversidade como a que vivimos fai un ano e que aínda estamos a soportar.

Asemade, todas as actividades que se desenvolven dende a ES posúen unha especial presenza e un forte arraigo en explotacións económicas de proximidade, moitas delas no sector primario, algo que é especialmente importante na nosa Comunidade Autónoma. Neste contexto, cómpre sinalar o esforzo feito por algunhas das entidades que conforman a ES durante o confinamento máis estrito que sufrimos; tal foi o caso das cooperativas agrarias, sociedades agrarias de transformación e as confrarías de pescadores, cuxo traballo fixo posible satisfacer as necesidades de produtos básicos da poboación nun momento moi complicado. O parón económico que sufriu a maior parte

da economía, este tipo de actividades, ao abastecer produtos de primeira necesidade non o sufriron.

De xeito similar, tamén cabe esperar un papel destacado deste tipo de entidades no futuro máis a curto prazo. Fronte á elevada deslocalización do tecido empresarial nacional, a crecente desindustrialización e a dependencia da nosa economía do turismo, elementos moi presentes no tecido económico español e galego, o funcionamento da ES é moi diferente.

A ES basea a súa creación e desenvolvemento nun sistema de proximidade, onde tamén interveñen a solidariedade e os principios éticos como elementos fundamentais para contar cun tecido económico cunha maior capacidade de resposta perante as crises. A ES baséase na produción local, de forma que os beneficios obtidos, en vez de exportarse, quedan no territorio onde se desenvolve a actividade aproveitando os recursos propios da zona de explotación. Precisamente, e grazas a esta imbricación co tecido económico local, a ES permite, dunha forma moito máis rápida e respectuosa co medio ambiente, a recuperación de actividades perdidas pola deslocalización industrial.

Por outra banda, a ES potencia o benestar das persoas e a súa contorna; na súa maioría baseada en modelos económicos e sostibles, o que demanda unha adecuada transición industrial e enerxética, deixando ao carón aquelas prácticas económicas máis contaminantes. É precisamente esta troncalidade da compoñente social a que permite que a ES posúa esa característica da cooperación e a colabo-

ración, potenciando a máxima de compartir iniciativas nun contexto de dificultades. Desta forma, a ES posibilita unha chamada á conciencia colectiva como resposta a situacións de crise económica.

Asemade, a necesidade de apostar por unha acción coordinada e colectiva nun marco de recesión económica non é unha idea novidosa. Así, no Plan Marshall de 1950, trala II Guerra Mundial, fixéronse numerosas alusións á necesidade de apostar por necesidades de accións conxuntas para a reconstrución das economías europeas. Nestes momentos estamos a vivir unha etapa onde é necesario apostar pola reconstrución económica a través de políticas económicas de corte keynesiano. Isto esixe un cambio notable para reducir as desigualdades sociais, un maior esforzo para mellorar a responsabilidade social empresarial e a cuantificación adecuada do valor social, elementos que se enmarcan dentro dos ODS dentro da Axenda das Nacións Unidas.

Esta necesidade de actuación é de particular importancia en España, que rexistrou unha caída do PIB do 11% en 2020, o maior descenso dende 1936 coa Guerra Civil, unha cifra que queda moi lonxe do retroceso do 3,8% do 2009; en Galicia a caída, sendo importante, resulta algo menor (9% segundo o Foro Económico de Galicia). As implicacións deste escenario son plenamente coñecidas.

Neste marco, a ES xorde como alternativa viable na recuperación dende unha dobre perspectiva: económica e laboral. No primeiro caso, coma un actor principal dunha actividade asentada na proximidade, cun uso de recursos endóxenos e a sustentabilidade. No segundo caso,

por canto supón unha interesante alternativa de empregabilidade e auto-emplego, como poden ser as cooperativas de traballo asociado. Así, aquelas empresas con graves dificultades económicas poden, por exemplo, optar pola transformación, de forma que as persoas traballadoras se convertan en socios. O anterior garantiría un emprego estable e sostible e permitiría, a supervivencia da empresa.

Con todo, as entidades que conforman a ES tamén sufriron a crise económica da COVID-19. En consecuencia, é preciso que a ES participe no acceso aos créditos e o financiamento previsto na axenda europea de recuperación. Na mesma liña é necesario que os partícipes na ES se adapten aos procesos de dixitalización e a súa incorporación na actividade económica. Nesta liña, dende a Social Economy Europe (SEE) reclámase á UE que se dote a ES dos medios e instrumentos necesarios para superar a actual situación de forma colectiva; precisamente por iso dende a SEE remárcase que só se sairá desta crise con maiores doses de cooperación e solidariedade, elementos que están no ADN da ES. Asemade, recoméndase a mobilización de investimentos en proxectos innovadores da ES a través dos Fondos Estruturais e/ou do programa InvestEU.

O Intergrupo de ES do Parlamento Europeo sitúa ao Plan de Acción Europeo para a ES como un pilar de reconstrución social e económica tras a crise causada pola pandemia do COVID-19. Con este Plan perséguese situar ás empresas de ES como peza clave para recuperar o crecemento económico sostible e mellorar a cohesión social en Europa. Na última xuntanza en xaneiro do 2021, as economías europeas

comprométense a aumentar a visibilidade e o recoñecemento da ES. Asemade, recoméndase o emprendemento colectivo para os mozos e colectivos vulnerables, á vez que se propulsa a investigación científica e a educación en ES en todo o sistema educativo. Así mesmo, búscase o desenvolvemento económico social e ambiental presente na ES. Finalmente, tratarase de garantir o soporte financeiro necesario

para a consolidación dunha ES viable e sostible, a través da utilización de fondos europeos no marco financeiro plurianual 2021-2027 e dos fondos de recuperación.

Finalmente, cabe indicar que a ES creou en Galicia en 2020 máis de 125 empresas a pesar da COVID-19, o que pon de manifesto a relevancia deste tipo de entidades, aínda que as condicións económicas non foran as mellores⁴.

4- <https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/56208/economia-social-creo-galicia-mas-125-nuevas-empresas-largo-2020-pese-covid-19>

7. ANÁLISE DE CASOS DE ECONOMÍA SOCIAL EN GALICIA

Se ben o fomento e visibilización da ES galega dependen, en boa parte, da actuación motora da Xunta de Galicia e as sociedades representativas do sector, en Galicia existen empresas e entidades privadas neste eido económico que ilustran o potencial destas entidades. Neste apartado incluímos dos cooperativas agrarias (COREN e CLUN), un Centro Especial de Emprego (Aspamais) e unha Confraría Pesqueira (Confraría de Pescadores de Riveira) como mostra da relevancia da ES en Galicia.

O Grupo COREN⁵

COREN é o primeiro grupo cooperativo agroalimentario español por volume de facturación. Formado por varias sociedades cooperativas socias, empresas participadas e franquiciadas, a sociedade matriz é unha cooperativa agraria de segundo grao⁶ -ou cooperativa de cooperativas-galega, con máis de cinco décadas de historia. O Grupo COREN atende a todo el proceso empresarial: produción, distribución, comercialización e consumo.

COREN é un claro exemplo de como a pequena produción dos gandeiros galegos, ben estruturada empresarialmente a través da cooperación, pode ser tan competitiva como outras realidades empresariais (Briscoe e Word, 2006). Como exemplo da súa relevancia, cómpre sinalar que a facturación do grupo COREN superou os 1.200 millóns de euros en 2020,

achegando o 40% da produción do sector agroalimentario galego⁷. Ademais, supera os catro mil socios, cun volume de emprego de 3.500 traballadores.

20 familias iniciaron a cooperativa, hoxe hai máis de 6.000, algunha das cales son de terceira xeración, o que pon de manifesto que é unha cooperativa moi asentada no territorio. Na actualidade COREN é o resultado da integración de 20 cooperativas con diferentes actividades, desde as iniciais de natureza avícola de carne, de posta, de porcino, vacún e coellos, ata a extensa rede comercial que se crea en 1984 e a franquía CORENgrill de puntos de venda de comida precociñada.

COREN mantén a súa identidade cooperativa baseando o seu éxito nun continuo proceso de crecemento e adaptación ás necesidades para competir nos mercados. Para iso, desenvolveu de forma continua e progresiva procesos de concentración e integración empresarial, sobre todo relacionado coa actividade central, a gandería avícola, á que foi sumando o porcino, o vacún e a cunicultura e diversificando tamén cara a outros sectores, tanto na carreira agroalimentaria cara a adiante (transformación de cárnicos, cociñados e precociñados), como cara atrás co aproveitamento de subproductos. Asemade, todo iso foi sustentado por unha importante aposta pola Investigación e Desenvolvemento (I+D), que permitiu a COREN ser especialmente activa en procesos de innovación intelixentes.

5- Os autores agradecen a información facilitada polo Grupo COREN para a realización deste apartado.

6- Isto quiere decir que os produtores das diferentes actividades da cadea de valor agrúpanse en cooperativas, que á súa vez asócianse como cooperativas de segundo grado.

7- As cifras facilitadas polo Grupo COREN permiten sinalar una produción anual de 112 millóns de aves e 1 millón de porcos anuais.

Tamén é de destacar a produción de outros produtos, como ovos con aves en liberdade ou a produción porcina con selo de calidade. Todas estas actuacións permitiron a COREN intensificar o seu crecemento internacional nos mercados, como sucedeu no Reino Unido.

Paralelamente, ven desenvolvendo unha progresiva actividade de internacionalización, especialmente nas últimas dúas décadas. Iniciada no Reino Unido, proseguiu a expansión a China e América Latina, especialmente Arxentina. Este continuo crecemento, que derivou nunha estrutura de gran complexidade empresarial, non lle impediu continuar cun forte compromiso social. Resulta moi destacable a súa ac-

tividade no campo da responsabilidade social corporativa, sobre todo na promoción do cooperativismo e a actividade da contorna rural en Galicia, así como a participación en distintas iniciativas sociais. Así por exemplo, a través da Fundación COREN desenvólvese un amplo conxunto de actividades cunha extensa programación, en colaboración coas diferentes administracións e con outros axentes sociais, moi centrados no mundo rural.

Así, COREN ten unha forte aposta pola I+D, a internacionalización e a continua adaptación ás demandas de mercado, especialmente no relativos ás novas preferencias dos consumidores, na procura de alimentos seguros e de calidade, por

Táboa 7: Historia do Grupo COREN (I)

Anos 50: Antecedentes	1959: Crease a Unión Territorial de Cooperativas Ourenás (UTECO)
Anos 60: As orixes	1962: UTECO pasa a ser a Cooperativa Provincial Gandeira, creándose a primeira cooperativa con 20 socios cun acordo coa compañía norteamericana Swift para o subministro de aves e pensos 1964: Constrúese unha fábrica para a elaboración de pensos compostos 1965: Os socios de UTECO desvincúlanse da compañía norteamericana Swift 1966: Constitúese COREN como cooperativa de segundo grao (cooperativa de cooperativas) eponse en marcha un matadoiro avícola en Santa Cruz de Arrabaldo (Ourense), una fábrica de pensos en O Vinteún (Ourense) e a primeira planta de incubación de Galicia en Sarria (Lugo) e prepárase para entrar no mercado de vacún
Anos 70: O desenvolvemento	1967-1978: Continuase coa creación dunha ampla rede comercial en toda Galicia, coa construción da nova planta clasificadora de ovos, da central leiteira de San Cibrao das Viñas (Ourense) e a constitución da cooperativa de criadores de gando de porcino 1975: Comeza a produción fóra de Galicia, para instalarse en Madrid a súa primeira planta de produción eponse en marcha a cooperativa de produción de ovos que poñen en marcha a planta clasificadora 1979: Adquírese a planta de Industrias Frigoríficas del Louro (Frigolouro) en Porriño para produción de ganado porcino

Táboa 7: Historia do Grupo COREN (II)

Anos 80: Novos retos	<p>1980: UTECO convertese en Cooperativas Ourensás Sociedade Cooperativa Limitada e en 1981 constitúese a Cooperativa Agrícola Galega (Sociedade Cooperativa Galega)</p> <p>1989: Prodúcese a expansión de COREN a toda Galicia, cando se pon en marcha un plan de produción de tenreiros e coa creación da Cooperativa de Agricultores e Gandeiros Galegos</p>
Anos 90: A expansión	<p>1995: COREN realiza o seu salto internacional, ao crearse COREN Arxentina despois da integración do matadoiro lucense Frigsa no Grupo COREN</p> <p>1999: Ábrese unha delegación en Romanía e no 2000 instálase unha planta en Lisboa e un centro de distribución</p>
Anos 2000: Mudanza de século	<p>2003: Iníciase o desenvolvemento de novas gamas que diferenzas a COREN como a produción de ovos campeiros ou ecolóxicos, ao tempo que se incorporan novos produtos como o pavo</p> <p>2004: COREN inicia a exportación de produtos de porcino fresco ao Reino Unido, continuando coa súa políticas de internacionalización. Asemade, crease o centro de procesado de avícola de Santa Cruz de Arrabaldo (Ourense)</p> <p>2006: Constrúese a planta de Nutrición Animal de Bonxe (Lugo) para a produción gandeira</p> <p>2012: Se lanza a gama Selecta de porco alimentado con castañas</p> <p>2013: Créase un secadoiro de xamóns en Lugo</p> <p>2015: Creación do Centro de Selección Xenético de Celanova e a Planta de Enerxía Renovable</p> <p>2015: Aprobación do Plano Estratéxico da Gama Selecta</p>
Na actualidade	<p>2017: 55 aniversario de COREN, posicionada como a maior cooperativa agroalimentaria cárnica de España. A súa produción supón máis do 50% da produción gandeira de Galicia. A facturación supera os 1.000 millóns de euros</p> <p>2018: Créase o Centro de Selección Xenética en Friol (Lugo)</p> <p>2020: Posta en funcionamento do Centro de Incubación de Pavitos en Sobreira (Vilamarín-Ourense)</p> <p>2021: Proxectos de ampliación da súa planta de biomasa e a posta en marcha dunha planta de biogás</p>

Fonte: Juliá, Cancelo e Bastida (2013) e grupo COREN

medio dunha adaptación desta cooperativa aos novos tempos. Para iso ofrece produtos de calidade e respectuosos na súa produción co medio ambiente e o benestar animal. Asemade, a súa preocupación por esta forma sustentable de produción permitiulle anticiparse ás normativas de

produción animal europea, especialmente no referido á entrada en vigor de dita normativa. A Táboa 7 recolle a evolución de COREN e a Ilustración 2 recolle o mapa de industrias na actualidade do grupo COREN, o que permite sinalar a importante presenza no noso territorio.



Fonte: GRUPO COREN

A Cooperativa CLUN

A cooperativa CLUN (Cooperativas Lácteas Unidas) é o produto da unión de Feiraco, Os Irmandiños e Melisanto. CLUN, ao igual que COREN, conforma unha cooperativa de segundo grado, conta con 3.500 socios de case 30 municipios de Galicia e Asturias e súa división láctea centrase na recollida, envasado e distribución de leite e derivados, baixo catro marcas: Única, Clesa, Feiraco e Arquega.

Na actualidade, o seu cadro de persoal conta con máis de 400 traballadores en empregos directos. En 2017 acadou una cifra de facturación de 215 millóns de euros ao que hai que engadir as cifras de Feiraco Lácteos (máis de 76 millóns) e Acolat-Clesa (28 millóns). Neste ano, a cooperativa transformou máis de 160 millóns de litros de leite e fabricou 200.000 toneladas de produtos de alimentación animal.

En CLUN concorren alo menos tres dos factores que tradicionalmente se relacio-

nan coa competitividade das empresas agroalimentarias (Lajara e Server, 2016): tamaño, diversificación e orientación ao mercado. Neste sentido e aínda que o obxecto social das entidades que conforman a cooperativa é o mesmo -recollida e comercialización do leite – non o é a diferente especialización dos servizos, o que convirte a estas organizacións en complementarias coas vantaxes que isto supón para garantir economías a escala (Bastida, Olveira e Cancelo, 2019).

Así FEIRACO ten un papel predominante no campo da comercialización e distribución do leite, Os Irmandiños ten unha importante presenza na fabricación de pensos, e Melisanto dispón dunha importante carteira de servizos para os seus socios. O anterior evitou o transvase de persoal e permitiu a fixación dos centros de decisión nas diferentes divisións. Esta actuación tiña tres obxectivos claros: (a) integración dos servizos técnicos financeiros da nova cooperativa formada para reducir os custos de produción, (b) optimizar os abastecementos aproveitando a estrutura consolidada que ten a cooperativa formada e (c) mellorar a cadea de valor e contribuír a súa reestruturación.

Os produtos que fabrica FEIRACO céntranse na produción e comercialización do leite, leite para hostalaría, batidos, natas, iogures líquidos que non necesitan frío e queixos. Esta certificada por Galicia Calidade e foi a primeira empresa española certificada por AENOR.

O leite Premium ÚNICLA é o único lei-

te 100% natural e 100% procedente de explotacións galegas⁸ premiado polo seu sabor e certificado en benestar animal e medioambiental. Asemade, é o primeiro leite certificado por “AENOR Pegada de Carbono”; a súa gandeira é a primeira de Galicia certificada por “AENOR Confort e Benestar Animal”, baseado no referencial europeo Welfare Quality, e o leite procede de vacas que viven en contornas tranquilas e saudables onde se lles garante unha alimentación e un aloxamento axeitado xunto co control sanitario de calidade.

CLESA elabora un conxunto de derivados lácteos (iogures e postres) con leite 100% de Galicia de granxas procedentes de máis de 3.500 cooperativistas, cunha factoría en Caldas de Reis. Finalmente, a produción de queixos Arqueaga ten coma obxectivo a consolidación dunha liña de produtos frescos elaborados de forma tradicional.

Nos últimos anos, CLUN, ademais de seguir apostando polo comercio a nivel nacional, realiza unha forte aposta polo suroeste asiático e o norte de África como principais mercados exteriores.

Aspamadis

Aspamadis é un Centro Especial de Emprego (CEE) sen ánimo de lucro de iniciativa social creada a partir da Asociación de Apoio a Discapacitados Intelectuais de Ourense (Adido). Aspamadis foi creada por persoas con discapacidade intelectual coas súas familias. Os Centros Es-

8- O anterior no só implica que se elaboren con leite de Galicia, senón que as explotacións proceden de instalación incluídas no Rexistro de Explotacións de Calidade Diferenciada, que cumpran cos requisitos de calidades por riba das exixencias da Unión Europea. O anterior posibilita manter a máxima calidade dos produtos, senón que tamén garanten a trazabilidade do leite dende as granxas ata o consumidor.

peciais de Emprego teñen como obxectivo fomentar o emprego de calidade das persoas con discapacidade e persoas en situación de risco de exclusión social e a súa inclusión na actividade económica, social e empresarial.

Os destinatarios finais deste programa serán os traballadores con discapacidade dos CEE que se atopen nalgún dos seguintes supostos: persoas con parálise cerebral, persoas con enfermidade mental ou persoas con discapacidade intelectual, cun grao de minusvalía recoñecido igual ou superior ao 33% e persoas con discapacidade física ou sensorial, cun grao de minusvalía recoñecido igual ou superior ao 65%.

Aspamadis trátase dun centro especializado en tarefas de limpeza e xardinería, contando cun total de 11 empregados con discapacidade intelectual, entre os 30 e 50 anos. O seu obxectivo era responder aos problemas aos que se enfrontan os asociados para encontrar un traballo, desta forma se buscaba favorecer a elección do posto de traballo e as características persoais de cada un.

Entre os traballos que están a realizar desde Aspamadis está a de adecentar espazos públicos con traballos encargados pola Deputación de Ourense, os Concellos Esgos, A Peroxa e Vilamarín (Ourense), a Fundación San Rosendo e Cáritas.

Confraría de pescadores de San Pedro de Riveira

En Galicia o sector pesqueiro ten una importancia fundamental. A ES en Galicia recolle tamén as confrarías de pescadores. Trátase dunhas entidades de dereito público do sector pesqueiro, que son órganos de consulta e de colaboración coa administración, que realizan funcións de interese en beneficio da pesca marítima e o seu sector. Son unha forma asociativa de pescadores, sen ánimo de lucro, e que forman parte das entidades de ES.

Galicia conta con 63 confrarías que comparten e se benefician do uso e a explotación dos recursos mariños, cumprindo cos principios cooperativos, que teñen un carácter híbrido entre o público e privado (García, 2019)⁹.

Un destes casos é a Confraría de Pescadores de San Pedro de Riveira¹⁰, trátase dunha entidade sen ánimo de lucro. Actualmente está composta por 260 embarcacións (arrastre de litoral, pesca de baixura e marisqueo) e máis de 350 socios en activo entre tripulantes e armadores. O obxectivo desta Confraría é a representación dos intereses económicos e sociais dos seus afiliados en particular e do sector pesqueiro e marisqueo ante a sociedade e a administración. Entre os servizos que oferta ao seus afiliados como a facturación de vendas na lonxa de Ribeira, asesoramento económico e laboral, servizo de formación, entre outros.

9- https://knowledgehub.unsse.org/wp-content/uploads/2019/06/220_Garcia-Lorenzo_Cofradias_Es.pdf

10- <http://www.cofradiariveira.es/es/>

8. RECOMENDACIONES

Como é habitual nos documentos do Foro Económico de Galicia, queremos realizar unha serie de recomendacións, de maneira propositiva; neste caso, para mellorar a actual situación da ES e a súa aportación para o desenvolvemento da economía de Galicia.

En primeiro lugar, cremos necesario un reforzo das liñas dirixidas á incorporación de persoas socias traballadoras, para contrarrestar a tendencia á atomización da propiedade no marco das microcooperativas, situación que se da especialmente na nosa CA. O anterior é tamén extrapolable ao resto de actividades da ES, que aínda non garanten a dimensión axeitada que posibilite a súa rendibilidade.

En segundo lugar, é preciso o establecemento de liñas de axuda para os procesos de concentración de sociedades, e en particular a creación de cooperativas de segundo grao, tendo en conta da importancia do tamaño para a mellora da competitividade das organizacións. En Galicia este tipo de cooperativas permite garantir un éxito importante, pódense citar como exemplos, o caso de COREN, CLUN ou DELAGRO¹¹, que é a maior cooperativa agrogandeira de Galicia e da cornixa cantábrica, cunha cifra de 198 millóns de euros de facturación en 2018.

En terceiro lugar, e no marco da actuación nun contexto de economía global, deseño de liñas específicas de apoio á internacionalización das entidades da ES. Tanto nesta recomendación coma

na anterior, os fondos europeos no marco financeiro plurianual 2021-2027 e dos fondos de recuperación, están chamados a desenvolver un papel fundamental que garanta o soporte financeiro necesario para a consolidación dunha ES viable e sostible.

En cuarto lugar, convén deseñar unha batería de boas prácticas ilustrativa das accións de ES, nomeadamente das entidades máis representativas como modelo de exemplo de viabilidade e sustentabilidade. Nesta mesma liña de visibilización e difusión da ES, e en aras do fomento deste modelo como vía de emprendemento para a poboación máis nova, cómpre valorar a incorporación do ámbito da ES aos estudos universitarios en Galicia. Xa contamos, entre outras, con experiencias na Universidade do País Vasco (Mestrado en Economía Social e Solidaria), a Universidade de Valencia (Mestrado Universitario en Economía Social) ou a Universidade Autónoma de Barcelona (Posgraduado en Economía Social e Solidaria).

En quinto lugar, debe procederse a unha correcta cuantificación e valorización da actividade das entidades de ES en Galicia, para poder controlar a súa eficacia e contribución á produción económica da nosa Comunidade Autónoma. Neste mesmo contexto de medición, cómpre sentar as bases de novos modelos de medición e indicadores, diferentes dos habitualmente deseñados para a estimación de modelos de negocio. Concretamente, deben in-

11- A cooperativa de segundo grao DELAGRO agrupa a 23 cooperativas de Galicia, Asturias e Cantabria, con mais de 26.000 socios cooperativistas, que dan emprego directo a 1.100 persoas.

troducirse indicadores valorativos e cualitativos, para poder estimar a actuación e impacto social en termos de calidade, proximidade, respecto medioambiental e actividade localmente centrada.

Finalmente, debe mellorarse o papel

das entidades representativas do sector como axentes interlocutores nos procesos de deseño das liñas de fomento e apoio, para poder incluír mellor as particularidades a contemplar para unha mellor adecuación das axudas ao sector.

BIBLIOGRAFÍA

- BASTIDA, M^a., ÁLVAREZ, D. e OLVEIRA, A. (2020). As sociedade cooperativas galegas, en CANCELO, M^a. T. e BOTANA, M. (Coord.), *Informe sobre la Economía Social en Galicia*, 23-38, Centro de Estudios Cooperativos, Santiago de Compostela.
- BASTIDA, M^a., VAQUERO, A. e CANCELO, M^a. T. (2020). “La contribución de la Ley de economía social de Galicia al desarrollo territorial y a la mejora del empleo”, *REVESCO- Revista de Estudios Cooperativos*, 134, 1-20.
- BASTIDA, M^a., OLVEIRA, A. e CANCELO, M^a. T. (2019). “CLUN. Concentración por fusión de tres cooperativas lácteas en el cooperativismo en Galicia”, *CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social e Cooperativa*, 96, 29-64.
- CANCELO, M^a. T. e BOTANA, M. J. (Ed.) (2020). *Libro branco da Economía Social de Galicia* 2019, Xunta de Galicia.
- BLANCO, M. (2017). “Efectos de la crisis económica de 2008 sobre el empleo en las cooperativas andaluzas: un estudio del impacto provincial mediante el análisis shift-share”, *CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, 91, 175-201.
- BRISCOE, R. e WORD, M. (2006). “Is small both beatifull and competitive, A case study of irish dairy cooperative”, *Journal of Rural Cooperation*, 34 (2), 119-136.
- CHAVES, R. e MONZÓN, J.L. (2008). *La Economía Social en la Unión Europea*, Comité Económico y Social de la Unión Europea.
- CHAVES, R. e MONZÓN, J.L. (2018). “The social economy facing emerging economic concepts: Social innovation, social responsibility, collaborative economy, social enterprises and solidary economy”, *CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, 93, 5-50.
- CHAVES, R. e SAVALL, T. (2019). “The Social Economy in a Context of Austerity Policies: The Tension Between Political Discourse and Implemented Policies in Spain”, *VOLUNTAS: International Journal of Voluntary and Nonprofit Organizations*, 30 (3), 487-498.
- DÍAZ, M. e MARCUELLO, C. (2014). “The Relation between Total Employment and Cooperative Employment: A Convergence and Causality Analysis”, *Spatial Economic Analysis*, 9 (1), 71-92.
- GARCÍA, I. (2019). *El papel de las cofradías de pescadores de Galicia (Noroeste de España) en la protección de los recursos marinos y consecución de la equidad: ventajas y limitaciones*, Inter-Agency Task Force on Social and Solidarity Economy.
- JULIÁ, J. F. e MARIS, S. (2002). “Agricultura y desarrollo rural. Contribuciones de las cooperativas agrarias”, *CIRIEC España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, 41, 25-52.
- LAJARA, N. e SERVER, R. (2016). “Orientación al mercado y tipología de las cooperativas agroalimentarias en base a la competitividad. Caso estudio de las cítrcolas españolas”, *REVESCO- Revista de Estudios Cooperativos*, 121, 145-172.

LEJARIAGA, G.; BEL, P. e MARTÍN, S. (2013). “El emprendimiento colectivo como salida laboral de los jóvenes: análisis del caso de las empresas de trabajo asociado”, *REVESCO-Revista de Estudios Cooperativos*, 112, 36-65.

JULIÁ, J.F., CANCELO, M^a.T. e BASTIDA, M^a. (2013). COREN, Cooperativa de cooperativas en ARCAS, N. e HERNÁNDEZ, M. (Ed.) *Experiencia de crecimiento en las cooperativas agro-alimentarias gallegas, Cajamar Caja Rural*, 67-84.

MOZAS, A. e BERNAL, E. (2006). “Desarrollo territorial y economía social”, CIRIEC-España, *Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa*, 55, 125-140.

OSTROM, E. (1990). *Governing the Commons: The Evolution of Institutions for Collective Action*. New York, Cambridge University Press.

RICO, M. e GÓMEZ, J. M. (2009). “La contribución de la mujer en la economía rural de Castilla y León”, *Economía Agraria y Recursos Naturales*, 9 (2), 51-77.

RICO, M. e GÓMEZ, J. M. (2009). “La contribución de la mujer en la economía rural de Castilla y León”, *Economía Agraria y Recursos Naturales*, 9 (2), 51-77.

VAQUERO, A. e LOSA, V. (2020). “Actuaciones desde la administración pública para evitar la despoblación del medio rural ¿Qué se puede hacer desde los ayuntamientos y diputaciones?”, *Revista Gallega de Economía*, 202, 1-14.

Normativa

España. Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social. BOE núm. 76, de 30 de marzo de 2011.

España. Lei 55/1980, de 11 de novembro, de montes veciñais en mano común. BOE núm. 280, de 11 de novembro de 2011.

Galicia. Lei 13/1989 de 10 de outubro, de montes veciñais en man común. DOGA núm. 202, de 20 de outubro de 1989.

Galicia. Lei 5/1998, de 18 de decembro, de cooperativas de Galicia. BOE núm. 72, de 25 de marzo de 1999.

Galicia. Lei 6/2016, de 4 de maio, da Economía Social de Galicia. DOGA núm. 93, de 18 de maio de 2016.

Galicia. Decreto 225/2012, de 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do Cooperativismo e a Economía Social e se regula o seu funcionamento. DOGA núm. 226, de 27 de novembro de 2012.

Documentos do Foro Económico de Galicia

Un dos obxectivos fundamentais do Foro é poñer á disposición da Sociedade unha colección de documentos onde se conxuga a análise da situación actual con propostas de cambio e mellora. Os documentos pretenden contribuir a enriquecer o debate público en materia económica en Galicia. A responsabilidade de cada documento é das persoas que o asinan. O Foro só asume a responsabilidade sobre os documentos consensuados e asinados polo colectivo. Dende Marzo de 2014 ata Decembro de 2018 o editor dos documentos foi Albino Prada Blanco; dende Xaneiro de 2019 o editor é o membro nato do Foro, José Francisco Armesto Pina.

Documentos publicados

32/2021-

A economía social como modelo de desenvolvemento para Galicia.

31/2020-

O monte galego do Século XXI.

30/2020-

El sector Fintech: propuesta para desarrollar un HUB en Galicia.

29/2020-

Innovación y Tecnologías Inteligentes.

28/2019-

Infraestructuras Viarias: Inversión y Tarificación.

27/2019 -

Planificación e proxección do sector vitivinícola de Galicia:
Realidade, desafíos e retos.

26/2018 -

Os retos para a Galicia do Século XXI.

No sistema europeo de transporte marítimo-terrestre.

25/2018 -

El impacto de la reestructuración bancaria sobre la concentración
y la exclusión financiera en España y Galicia.

24/2018 -

Turismo Rural: diagnose e propostas.

Documentos publicados

23/2018 -

Diagnóstico actual e propostas de futuro para a dixitalización en Galicia.

22/2017 -

Unha estratexia para a Galicia rural do século XXI. Diagnóstico e propostas para o debate.

21/2017 -

Unha estratexia industrial para Galicia.

20/2017 -

Desafíos dunha sociedade avellentada e en declive: Desequilibrios territoriais e prestación de servizos.

19/2017 -

Galicia diante da reforma do sistema de financiamento autonómico.

18/2016 -

Novas demandas para o rural galego.

17/2016 -

A I+D+i Empresarial en Galicia: Dez mensaxes e unha proposta.

16/2016 -

Galicia, a perspectiva internacional.

15/2016 -

La formación profesional dual en España.

14/2016 -

O capital risco e outras fontes alternativas de financiamento das empresas galegas.

13/2015 -

O Complexo Lácteo Galego nun mercado liberalizado. Extratexias e políticas ante a desaparición do sistema de cotas na UE.

12/2015 -

Sobre o risco de estancamento na economía Europea.

11/2015 -

Os cambios no modelo territorial: o seu impacto fiscal en Galicia.

10/2015 -

O sector forestal en Galicia: problemática actual e perspectivas futuras.

9/2014 -

Desequilibrio exterior, modelo competitivo y recuperación económica.

8/2014 -

Galicia: bases para una estrategia marca-país y líneas de trabajo para su acción exterior.

7/2014 -

¿Qué futuro demográfico nos agarda e como pode incidir no noso benestar?.

6/2013 -

Internacionalización, políticas y crecimiento.

5/2013 -

Mejorando la Eficiencia de la Política de infraestructuras.

4/2013 -

O fondo de compensación interterritorial: Unha proposta desde Galicia.

3/2013 -

O sector alimentario en Galicia: desafíos e oportunidades. Cales deben ser as prioridades?

2/2013 -

Análisis y propuestas para una estrategia de futuro para el sector naval en Galicia.

1/2013 -

Chaves para o aproveitamento marítimo -Portuario- Loxístico de Galicia.

Documentos descargables en:

<http://www.foroeconomicodegalicia.es>



www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS



//ABANCA

A ECONOMÍA SOCIAL COMO MODELO DE DESENVOLVEMENTO PARA GALICIA

DOCUMENTO 33 / 2021

AUTORES:

ALBERTO VAQUERO GARCÍA
MARÍA BASTIDA DOMÍNGUEZ